

PROCEDEMENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO	CURSO 2024/2025
(ESO e BACHARELATO)	

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
Vacantes	0	15	23	24

* Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no caso de haber solicitudes:

BACHARELATO	Ciencias		Humanidades e Ciencias Sociais		Artes	
	1º	2º	1º	2º	1º	2º
Vacantes	13	0	26	0	59	0

NORMATIVA

- LOE/LOMLOE, Capítulo III
- Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, por el que se regula la admisión de alumnado en centros que imparten las enseñanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-25
- RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organización sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condición laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN É DO 1 AO 20 DE MARZO, AMBOS INCLUÍDOS
--

A solicitude de admisión (ED550A, **ED550B** e ED550C) presentaranse preferiblemente por via electrónica mediante o formulario normalizado disponible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, podranse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes podrá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia , incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

1 Presentación da solicitude de admisión: do 1 ao 20 de marzo.

2. Presentación da documentación se fose necesario baremar (**21 de marzo o 05 de abril**)

3. Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos o 25 de abril.

4. Reclamación ás listaxes provisionais: no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar do centro.

5. Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos o 15 de maio.

6. Contra a relación definitiva de admitidos e non admitidos, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. A resolución da mesma pon fin á vía administrativa. Na notificación desta resolución á persoa interesada deberá indicarse expresamente, que contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, o órgano competente e o prazo para a súa interposición

11. Prazo ordinario de formalización da matrícula: do 23 de xuño ao 7 de xullo

CENTROS ADSCRITOS do IES A Xunqueira I

- CEIP Parada de Campañó
- CEIP A Xunqueira Nº 1
- CEIP Pedro Antonio Cerviño. Campo Lameiro
- CEIP San Benito de Lérez
- IES de Barro

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes

➤ ESO:

As zonas de influencia, para a ESO, é a suma das zonas de influencia dos centros adscritos.

➤ BACHARELATO:

En cumprimento do artigos 2 do Decreto 12/2022 do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOGA 11/02/2022), as

zonas de influencia dos IES do Concello de Pontevedra que imparten as distintas modalidades do bacharelato, quedan establecidas na seguinte forma:

A efectos de delimitar as zonas de influencia de cada unas das modalidades, divídese o Concello en dúas zonas:

A ZONA A, situada ao norte da liña determinada polas rúas Afonso XIII, Xeral Martitegui, Benito Corbal, Loureiro Crespo e Avenida de Lugo.

A ZONA B, e a parte do Concello sita ao sur desta liña.

As rúas que marcan o límite das zonas enténdese que corresponde a Zona A e a Zona B as casas que se atopan ao norte ou sur, respectivamente de ditas rúas.

➤ **BACHARELATO DE ARTES:**

Impártese no IES Frei Martín Sarmiento e no IES Xunqueira I

AREA DE INFLUENCIA:

Zona A: Corresponde ao IES Xunqueira I

Zona B: Corresponde ao IES Frei Martín Sarmiento

➤ **BACHARELATO DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA E BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS:**

Impártense en todos os IES da cidade

AREA DE INFLUENCIA:

Zona A: Pertencen a esta zona o IES Xunqueira I, o IES Xunqueira II e o IES Luís Seoane.

Zona B: Pertencen a esta zona o IES Frei Martín Sarmiento, o IES Gonzalo Torrente Ballester, o IES Valle -Inclán eo IES Sánchez Cantón.

Para ver a área de influencia consultar :

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do>

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Transporte Escolar e Comedor Escolar

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas territoriais, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola consellería.

TRANSPORTE ESCOLAR para o alumnado de centros adscritos.

Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior

a 2 km. Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou por así determinalo unha resolución de escolarización obrigatoria.

COMEDOR ESCOLAR, os luns pola tarde.

O alumnado usuario do transporte escolar poderá solicitar o uso do comedor escolar.

Orde de preferencia das solicitudes para o comedor escolar:

1. **Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior**, *salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.*
2. **Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, tendo preferencia o alumnado procedente de Campo Lameiro.**
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

Normativa: Decreto 132/2013: Regulación dos comedores escolares (DOG)

En Pontevedra, a 15 de febreiro de 2024.

A DIRECCIÓN

